



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Especificacións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica para a realización do programa de actividades “Pensa en azul” nos centros de secundaria do territorio

Xustificación

O colectivo xuvenil é o capital de desenvolvemento obvio dun territorio. A permanencia das persoas novas permite o seu desenvolvemento no medio e longo prazo e é por iso que as políticas actuais deberíanse concentrar en reter a este colectivo incentivándoo a enraizarse no seu territorio e a traballar no seu desenvolvemento.

Atendendo os principios do Pacto Local polo Desenvolvemento Sostible que ven desenvolvendo o Galp dende o pasado 2017, e no marco do programa Mar Galaica Ensina que pretende achegar o mar aos escolares do territorio e facelos coñecedores do seu entorno, e da súa importancia como motor de desenvolvemento do territorio, apostamos por sensibilizar a xuventude do territorio da importancia deste recurso no marco do desenvolvemento sostible que pretende se pretende dende o Galp.

Para comezar esta labor de sensibilización, o Galp presentou os principios do Pacto Local en todos os centros educativos do territorio logrando espertar o seu interese en facer participes aos seus alumnos nas accións realizadas neste ámbito partindo da premisa “ Pensa en azul e vive no teu territorio”

Dentro deste marco de traballo, tratamos de sensibilizar a xuventude do territorio a apostar por un futuro azul sostible e inclusivo, e para ilo poñemos en marcha un programa de actividades que nos permita materializar este obxectivo.

Obxecto do contrato:

Deseño dun programa de actividades dirixido aos centros de secundaria do territorio que permita sensibilizar ao seu alumnado na consecución destas premisas.

Atendendo aos seguintes obxectivos específicos:

- Poñer de manifesto a problemática actual para a consecución dun territorio sostible.
- Achegar os escolares ao entorno do mar e as actividades económicas e lúdicas que se desenvolven ao seu arredor partindo deste como elemento caracterizador do territorio.
- Fomentar unha visión de futuro profesional no marco do crecemento azul.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR





De forma transversal o programa de actividades levará implícitos principios de igualdade de xénero e desenvolvemento inclusivo así como nocións de responsabilidade social corporativa.

Contido das propostas:

1. Unha breve memoria técnica na que o licitante exporá a súa maneira de dar forma e concretar cada unha das partes do programa de actividades atendendo as premisas expostas.
 - En canto á distribución espacial das sesións cos escolares: faranse nas instalacións dos propios centros educativos (nos espazos habilitados aos efectos) e naqueles espazos ao aire libre que sexan pretos ou que polas súas características ofrezan ou supoñan unha avantaxa para o desenvolvemento do presente programa.
 - A distribución temporal deberá contar aló menos con 3 sesións mensuais por cada centro educativo para poder traballar ben os contidos que se consideren e se fomente a aprendizaxe significativa do alumnado potenciando a súa participación activa con esa frecuencia.
 - O programa de actividades abarcará un período de catro meses comezando o vindeiro 5 de febreiro e rematando no mes de xuño.
 - Todo o custe da realización do programa de actividades correrá a cargo da asistencia técnica contratada non asumindo ningún custe a maiores nin o Galp nin os centros escolares.

Prazo:

O prazo para a execución dos traballos iniciarase o vindeiro 18 de febreiro e rematará o vindeiro 23 de xuño.

Prezo:

O orzamento máximo de licitación é de 15.000,00 euros (IVE engadido), non aceptándose ningunha proposta por encima desta contía.

Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo III que acompaña a estas bases.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Espírito Santo, 4 da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo gac4@accioncosteira.es.
- O prazo de presentación rematará no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das seguintes bases (**2 de Febreiro ás 14:00 horas**).

Documentación a entregar :

Os licitadores deberán entregar unha Memoria Técnica de, como máximo, 15 páxinas, para a súa valoración, na que se inclúa a súa proposta de traballo na que especifique o contido ou metodoloxía para executar a acción, e un cronograma de realización das mesmas.

Ademais, os licitadores entregarán unha Oferta Económica que deberá incluír de forma expresa o prezo, expresado de forma inequívoca e con detalle do IVE.

Valoración das ofertas:

O obxecto do contrato adxudicarase a oferta economicamente mais vantaxosa

Muros 18 de xaneiro de 2019

Asdo.: Manuel Daniel Formoso Moledo
Presidente Galp Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

